

SOCIALISMO OU BARBARIE

Si, retrocedemos, perdemos dereitos e conquistas, pero non por mor da nosa debilidade. Os traballadores e a mocidade temos dado sobradas mostras da nosa forza para derrotar á dereita, tanto nas urnas como na rúa. O punto débil é que os dirixentes das organizacións políticas e sindicais da esquerda non teñen unha alternativa fronte ó capitalismo. Por iso a dereita e os socialdemócratas practican en esencia a mesma política económica: que os traballadores paguemos os pratos rotos da crise.

Os marxistas si temos unha alternativa ó capitalismo. Por iso non nos resignamos ás privatizacións, ás deslocalizacións, ós recortes das pensións e do desemprego, á precariedade, á especulación da vivenda, etc. Este non é o único mundo posible. Hoxe hai suficientes recursos económicos e técnicos para que a fame, a pobreza, o desemprego e o resto das lacras que sofre a humanidade desaparezan. O único que o impide é este sistema, baseado na propiedade privada dos medios de produción e na busca do beneficio privado para unha ínfima minoría social privilexiada, un sistema non só inxusto, senón que empeza a ser unha ameaza para o propio planeta.

A contradición entre os intereses desa minoría e os intereses da inmensa maioría da humanidade vaise agudizar. A única maneira de resolvela é que toda a riqueza creada polo traballadores sexa posta ó servizo da inmensa maioría da sociedade, o que significa expropiar ós capitalistas, sacarles o control político e económico da so-

cidade nacionalizando as palancas fundamentais da economía para poñelas baixo control obreiro.

Algúns dirán: “é unha utopía, hai que ser realistas”. Pero os marxistas replicámoslles: o verdadeiramente utópico é crer que hai solución baixo o capitalismo; e o verdadeiramente realista é comprender que a única alternativa é loitar para transformar a sociedade porque os problemas non se solucionan con parches, senón indo á súa raíz.

Os tempos están cambiando. Xa non se fala da crise do socialismo, senón da crise do capitalismo, que é tan grave que xa afecta ós EEUU, a principal economía do mundo. O peor utópico é quen se nega a aceptar esta realidade. Hoxe máis ca nunca o dilema é: **socialismo ou barbarie**.

O resultado vai depender de que os traballadores sexamos capaces de construír unha corrente marxista internacional que logre que as ideas do marxismo revolucionario volvan a ser as que inspiren a acción das organizacións políticas e sindicais da esquerda, a fin de que cumpran a función para a que foron creadas: ser ferramentas da clase obreira na súa loita contra o capital. Se estás de acordo con estas ideas, ánimoche a que te unas a EL MILITANTE para contribuír a difundilas e a loitar contra o capitalismo.

XAQUÍN GARCÍA SINDE

Traballador de Navantía

Candidato ó Congreso dos Deputados

VOTA



EU
esquerda
unida
izquierda unida

El Militante 
CORRIENTE MARXISTA INTERNACIONAL

¡ORGANÍZATE PARA LOITAR!

¡ÚNETE A EL MILITANTE!

www.elmilitante.org

Se queres poñerte en contacto para calquera pregunta ou opinión, para botar unha man na campaña ou para loitar con nós, podes facelo en: Correo-e: xaquin@elmilitante.org • Telf: 626 746 950

OS TRABALLADORES NECESITAMOS UNHA AUTÉNTICA POLÍTICA DE ESQUERDAS

Estas eleccións xerais son unha cita moi importante. A acción de goberno do PP, a súa demagóxica actuación desde a oposición, o seu nacional-catolicismo, a súa alianza cos sectores máis retrógrados do poder xudicial, as medidas que está anunciando se gaña o 9 de marzo, todo evidencia que o PP é un partido reaccionario que, ademais, camiña cara a extrema dereita. De feito, as súas mentiras, os seus insultos, a súa manipulación, a súa represión, etc. foron factores fundamentais na mobilización da clase obreira e a mocidade que acabou por botalo do goberno en 2004.

A SITUACIÓN DOS TRABALLADORES SEGUE DETERIORÁNDOSE

Tódolos traballadores e a mocidade alegrámonos daquela derrota, igual que nos alegamos das medidas progresistas tomadas por Zapatero, como a retirada das tropas de Iraq. Pero unha política de esquerdas é algo máis. **Unha política de esquerdas é unha política que distribúe mellor a riqueza. E isto, lamentablemente, non ocorreu nestes últimos catro anos.** A brecha entre ricos e pobres seguiu aumentando co goberno actual: entre o primeiro trimestre de 2004 e o último de 2007, o peso dos salarios na renda nacional baixou do 48'1 ó 46'4%, continuando a tendencia descendente iniciada co PP.

Pero a situación dos traballadores non só empeora en termos relativos, senón tamén absolutos. Entre 1995 e 2006, **os salarios perderon un 4% do seu poder adquisitivo, mentres que os beneficios empresariais aumentaron un 73%**. ¡E os empresarios aínda se atreven a pedirnos moderación salarial! Ademais, ese retroceso salarial combínase coa especulación sufrida pola vivenda e cun aumento dos prezos dos alimentos moi superior ó IPC. Estes son algúns dos mecanismos para transvasar a riqueza desde os petos dos traballadores ós petos dos empresarios. **Os empresarios gañan máis cartos ca nunca precisamente porque cada vez hai máis familias obreiras ás que lles custa chegar a fin de mes.** O “milagre económico” español baseouse no aumento brutal da explotación da clase obreira, tanto na-



tiva como inmigrante: precariedade, baixos salarios, accidentes laborais, xornadas prolongadas, deterioro da sanidade e o ensino públicos, etc. Os traballadores non nos temos beneficiado das vacas gordas destes últimos anos.

SUBCONTRATACIÓN = PRIVATIZACIÓN

O PP preséntase agora como o amigo dos traballadores, coma se fôsemos parvos e xa esquecésemos que conxelaron o salario mínimo, que privatizaron moitas empresas públicas, que introduciron a privatización na sanidade, que lle deron máis diñeiro dos presupostos do Ministerio de Educación ó ensino privado có público, que a súa lei do Solo foi a que creou a gravísima especulación que sofre a vivenda ou que o 20 de xuño de 2002 tivemos que ir á folga xeral para obrigar a Aznar a retirar un decretazo brutal de reforma laboral. Tamén foi o PP o que implantou nos estaleiros públicos de Ferrol o actual modelo de subcontratación masiva e desordenada baseada na explotación salvaxe dos traballadores das compañías auxiliares. Para lograr o seu obxectivo, en 1999 recortou un terzo da plantilla de Bazán e un ano máis tarde acabou coa propia Bazán. En 2003-04 estaba preparando unha nova reconversión, que non puido realizar porque perdeu as eleccións. Lamentablemente, o PSOE non cambiou de plans e recortou outro 25% a plantilla. A única razón

deses recortes foi destruír emprego fixo e digno para substituílo por emprego precario, posto que mentres por unha porta saían os prexubilados, pola outra entraban outros tantos traballadores para engrosar as compañías. A diferenza, ademais do buzo, é que as condicións laborais nas compañías auxiliares son moito peores que na empresa principal. Como consecuencia disto, centos de milleiros de euros que antes iban ós petos de milleiros de traballadores, agora van ós petos duns poucos “empresarios”.

A esta privatización encuberta en forma de subcontratación súmanse agora outras propostas: a privatización pura e dura (venderlle Fene a Barreras, como propoñen os dirixentes do BNG) e outra fórmula de privatización indirecta (a cesión de instalacións). Pero o que non explican os defensores de tales propostas é en que se basean para equiparar iniciativa privada con benestar para todos. A construción naval vive un boom en Vigo, pero as duras mobilizacións do Metal alí deixan ben ás claras que os traballadores non se están beneficiando del. E, sobre todo, é de chiste que se nos preten-



da facer crer que a alternativa industrial para Ferrolterra son... ¡os empresarios da comarca! A burguesía española é pouco emprendedora, pero a ferrolá aínda o é menos. A construción naval existe en Ferrol desde hai máis de 250 anos. ¿Onde está a iniciativa do empresario local en todo este tempo? ¿Onde están os seus investimentos industriais? En ningures porque nin os houbo nin os haberá. De feito, cando a principios do século XX os estaleiros foron privados, o capital era inglés. Tamén os vinte anos de reconversión naval viron a desaparición de practicamente tódalas iniciativas privadas de reindustrialización, despois de embolsarse as xenerosas axudas públicas establecidas nos diferentes plans de reindustrialización (ZUR, ZID, etc.). Os empresarios locais son unha banda de explotadores que viven de roubar ós traballadores e de parasitar o Estado para chupar diñeiro público. ¡Así é empresario calquera! Se o futuro de Ferrolterra depende destes “empresarios”, como algúns lles chaman agora, levámola clara. A revitalización económica da comarca só pode vir da iniciativa pública.

POR UNHA AUTÉNTICA POLÍTICA DE ESQUERDAS

Os traballadores temos que aproveitar as eleccións do 9 de marzo para deixar claro co noso voto que non estamos satisfeitos, que queremos unha política de esquerdas de verdade. Non se pode combater á dereita aplicando a mesma política económica que ela. Este é precisamente o peor erro dos socialdemócratas: limítanse a unha política de reparto “máis xusto” da miseria e provocan a apatía do electorado de esquerdas, o que lle abre o paso ó PP.

Zapatero chegou ó poder grazas á unha mobilización extraordinaria da mocidade e a clase obreira, que empezou en 2001 coa loita contra a LOU (Lei Orgánica de Universidades) e continuou coa folga xeral e o Prestige (2002) e a guerra de Iraq (2003), ata culminar nas eleccións xerais de 2004. Zapatero puido terse apoiado na forza dese inmenso movemento para impulsar con decisión unha política económica totalmente diferente á do PP, unha política que atacase os intereses da banca e as grandes empresas, e que defendese os intereses dos traballadores, pero desaproveitou a oportunidade. A súa política económica é similar á do PP. E retirou as tropas de Iraq, pero de seguido se plegou ós intereses do imperialismo aumentándoas en Afganistán e enviándoas ó Líbano.

Tamén aquí se percibe o retroceso xeral dos dereitos democráticos. Particularmente grave é a aplicación da lei antiterrorista a traballadores por loitar polos seus dereitos, como os sindicalistas asturianos Cándido e Morala (que incluso chegaron a ser encarcerados, tras ser detidos diante das súas familias en plena rúa, como se fosen delincuentes perigosos) ou un traballador de Izar-Gijón. O “xiro ó centro” de Zapatero na última etapa da lexislatura tamén se reflicte no achegamento á dereita nacionalista.

O estreitamento da marxe de manobra, debido ó empeoramento da situación económica, pode provocar que un futuro goberno do PSOE profunde ese xiro á dereita. A mellor maneira de evitalo é que exista unha forza de esquerdas capaz de mobilizar ós traballadores para demandarlle que cumpra as súas promesas. Por iso creo que a mellor opción que temos os traballadores nestas eleccións é Esquerda Unida, de cuxa candidatura pola Coruña formo parte.

Traballo en Navantia desde hai 27 anos, fun membro do comité de empresa e son un dirixente do Sector Crítico de CCOO. Non oculto o que penso: pertenzo á Corrente Marxista EL MILITANTE e creo na loita de clases, non nos consensos coa dereita ou a patronal.

Toda a historia ensina que os dereitos dos traballadores se conquistan loitando contra o capital e que os pactos con el só traen retrocesos. O consenso é a trampa que a dereita e os empresarios nos tenden cando se sinten débiles. Porque cando se sinten fortes, non hai consensos que vallan e intentan impoñer os seus criterios. Cando o PP gobernaba, acusaba a quen discrepa-



se da súa política antiterrorista de ser cómplice de ETA porque, supostamente, non se podía facer política co terrorismo. Pero foi chegar á oposición e pasarse catro anos utilizando constantemente o terrorismo para desgastar ó PSOE. Para a dereita, o consenso é unha fórmula para maniatar á esquerda: ¡só hai consenso cando se fai o que eles queren!

O consenso non ten sentido porque non existen intereses comúns a empresarios e traballadores, non existen intereses comúns a toda a sociedade, nin a toda Galicia ou a toda a comarca. E non existen porque os beneficios empresariais son o traballo non pagado ós obreiros e, polo tanto, **os intereses de empresarios e traballadores son absolutamente incompatibles en todo momento e lugar, sempre.** Que non nos enganen con contos: **os traballadores temos que loitar exclusivamente polos nosos intereses, temos que apoiarnos nas nosas propias forzas e temos que aproveitar as situacións favorables para avanzar sen complexos e golpear sen vacilación ós empresarios e a dereita.** Se non actuamos así, eles alegraranse, pero non nolo van agradecer; ó contrario, a nosa debilidade será unha invitación a agredirnos. É o que lle acaba de pasar a Zapatero coa Igrexa católica.

DEPUTADO OBREIRO, SOLDADO OBREIRO

Na loita de clases, o papel dos representantes da esquerda no Parlamento é poñelo ó servizo dos traballadores, para que as institucións sirvan como altavoz e apoio ás nosas loitas. Por iso é importante que eses representantes se manteñan en contacto cos seus votantes, igual que un sindicalista non pode limitarse a reunirse coa patronal, senón que ten que pisar o tallo, ten que estar en contacto permanente cos traballadores. En coherencia con estas ideas, cando estiven no comité de empresa, os dous delegados de CCOO que pertenciamos ó Sector Crítico éramos os únicos membros do comité que acudiamos tódolos días ós nosos postos de traballo.

Os marxistas creemos que hai que participar en política, pero rexeitamos a política oficial, que se concibe como unha oportunidade para facer carreira e acadar

unhas condicións de vida superiores ás dos traballadores, rexeitamos que os cargos se convertan en fonte de privilexios para quen os ocupa, rexeitamos facer da política ou do sindicalismo unha profesión. Non cremos na política e o sindicalismo ilustrados (“todo para os obreiros, pero sen os obreiros”), senón no compromiso coa causa dos traballadores e no proxecto colectivo. Xa Marx explicou que as condicións de existencia determinan a conciencia. Por iso **un parlamentario de esquerdas non debe cobrar un salario superior a un traballador cualificado.** Un deputado obreiro ten que ter un soldo obreiro; se ten un soldo burgués, acabará pensando coma eles.

VOTAR NON É SUFICIENTE

Pero ó tempo que dicimos que votar é importante, tamén dicimos que non é suficiente. O ideal sería que os traballadores elixisemos a uns representantes (no Parlamento, o concello ou o comité de empresa) e que iso abundase para que os nosos problemas se solucionasen. Pero isto non é así. Ós traballadores nunca ninguén nos regalou nada. Todo tivémolo que conquistar co noso sacrificio e a nosa mobilización. Por iso **os problemas que sufrimos os temos que solucionar nós mesmos.** Ninguén os solucionará por nós porque os problemas dos traballadores non se solucionan convencendo á outra parte de que as nosas reivindicacións son xustas, senón loitando, e **a loita esixe a participación e o esforzo de todos.**

Por suposto, é mellor que haxa unha boa lei (ou un bo convenio), pero isto por si só non abonda. ¿Ou acaso non hai moitas empresas que violan as leis laborais e o convenio tódolos días? **Para que os nosos dereitos sexan respectados temos que ter a forza suficiente para obrigar ós empresarios a que os respecten cada día. E esa forza só a podemos obter se estamos organizados e dispostos a loitar.** Como dixo Marx, “sen organización, os traballadores só son carne de explotación”. Temos que reconstruír o poder dos traballadores dentro das fábricas. Non é o camiño máis fácil, pero é o único que logrará que volvamos a avanzar.

